



Saúda do Alcalde

Unha nova edición da Festa do viño Tinta Femia terá lugar os vindeiros 7, 8 e 9 de xullo, e como cada ano, permitiranos homenaxear ás persoas que hoxe, ao igual que no pasado, nos agasallarán cunha tradición tan local e tan universal á vez: o viño tinta femia. As festas do viño, así como as festas gastronómicas, son un punto de encontro e de reecontro. Compartimos en familia e amizade os momentos da vida, e tamén lembramos ás persoas que a través do seu traballo, esforzo e compromiso nos deixarán unha cultura da terra tan marabillosa.

Esta festa representa o colofón á tempada das diferentes formas de comercializar e consumir este elixir tan noso servido directamente polos colleiteiros e colleiteiras.

Vaia por diante, pois, o meu agradecemento e recoñecemento á labor levada a cabo por todas e cada unha das persoas que fan posible que se siga preservando este viño que nos aporta unha identidade propia, ademais de facernos singulares e únicos.

Finalmente, gustaríame convidar a todos os bueuenses e bueuensas a que se animen a gozar desta simbiose perfecta entre mar e agro que se propón nesta festa, de xeito que se siga transmitindo entre todos esta querenza polas costumes propias

Félix Juncal Novas

Alcalde do Concello de Bueu